

REGULAMENTO DE COMPETICIÓNS DA FEGATRI TEMPADA 2025

1. A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno (FEGATRI) promoverá na tempada 2025, a organización dos seguintes campionatos:

- Campionato Galego de

- Dúatlon de Estrada
- Dúatlon Cros
- Dúatlon de Equipos
- Dúatlon de Remudas
- Dúatlon de Menores
- Dúatlon Supersprint cadete, Juvenil e junior
- Tríatlon de Estrada
- Tríatlon Cros
- Triatlón Supersprint cadete, Juvenil e Junior
- Tríatlon de Estrada Estándar
- Tríatlon de Media distancia
- Tríatlon de Longa distancia
- Tríatlon de Equipos
- Tríatlon de Remudas
- Tríatlon de Menores
- Paratriatlon
- Ácuatlon
- Cuádratlon
- Triatlón de Inverno
- Péntatlon Moderno

- XXXII Edición dos Circuitos Galegos de Dúatlon e Tríatlon de estrada
- Circuito de Dúatlon Cros 2025
- Circuito Nada e Corre 2025
- XIII Circuito de Tríatlon de Menores
- IV Circuito supersprint cadete, xuvenil, junior.

2.- **O Campión Galego e a Campioa galega**, de calquera modalidade, terán que estar en posesión de licenza galega de tempada, e ben ter nacido en Galicia ou ben estar empadroados nun concello galego con antigüidade mínima de xaneiro da tempada anterior.

*O documento do padrón debe estar na Federación antes do remate da inscrición.

3.- Campionatos Galegos de Dúatlon e Tríatlon de Estrada

3.1-O Campionato Absoluto, Sub23, junior, Veterano I, II e III e de Clubs.- disputarase nunha proba única, cunha carreira masculina e outra feminina, totalmente independentes. *Con menos de 25 mulleres.-Poderá facerse a excepción e permitir disputar as competicións con dúas saídas, masculina e feminina separadas.*

- a) O/a DT da proba decidirá en función dos circuítos e condicións de organización a necesidade de aplicar a norma de corredor/a dobrado/a eliminado/a ou a aplicación dun tempo de corte para dar calidade á proba.

3.2.-O Campionato Galego de Dúatlon e Tríatlon Supersprint das categorías Cadete, Xuvenil e Junior, disputaranse no campionato específico da modalidade e distancia

3.3.-- Os podios dos Campionatos Galegos, que queden incompletos, completaranse engadindo a clasificación final do circuítos, por categoría en cada unha das modalidades.

3.4- A clasificación de clubs farase no Campionato Galego para aqueles que teñan 3 deportistas nesta proba. O resto de clubs a partir de aquí engadiranse a continuación por orde de clasificación no circuítos da modalidade correspondente. Calquera deportista do club, xa clasificado, poderá puntuar para o mesmo. O resto seguirán o reflectido no artigo 5 do presente regulamento

3.5-.Trofeos e Premios

A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, outorgará os seguintes premios para o Campionato Galego Absoluto de Dúatlon e Tríatlon de Estrada:

Premios económicos

	TRIATLON	DUATLON
1º/1ª	1.500,00 €	750 €
2º/2ª	750,00 €	375 €
3º/3ª	450,00 €	225 €
4º/4ª	300,00 €	150 €
5º/5ª	150,00 €	75 €
1ºClub Msc/Fem	600,00 €	600,00 €
2º Club Msc/Fem	300,00 €	300,00 €
3ºClub Msc/Fem	200,00 €	200,00 €

Medalla/ Trofeo

1º,2º e 3º da Clasificación Individual Masculina e Feminina de cada categoría
1º,2º e 3º club Masculino e Feminino

- a) Os anteriores premios económicos do Campionato Galego, entregaranse unha vez rematadas as probas, na forma e lugar que a Federación Galega determine previamente.
- b) Para ter dereito ao premio e trofeo de Campión/a Galego/a o/a deportista debe de estar presente na convocatoria de entrega que faga a Federación, agás xustificación pertinente.
- c) Ningún deportista cunha sanción aplicada, polo Comité de Disciplina da FEGATRI ou FETRI, na tempada anterior, terá acceso a premios.

- d) As clasificacións faranse para as categorías masculina e feminina: xuvenil, Junior, Sub-23, Absoluta e Veterana (I, II e III)
- e) Premios e trofeos da Proba.-
- O organizador da proba de Campionato Galego de Dúatlon ou Tríatlon de Estrada, deberá entregar na proba os mesmos premios aprobados para as probas dos circuítos clasificatorios previos.
 - Estes premios e trofeos serán outorgados á clasificación individual (cumpran ou non cos requisitos do art. 2 do presente regulamento) e de clubs da proba.

Individuais	Clubs
1º e 1ª 150€	1º masculino e 1º Feminino 200€
2º e 2ª 100€	
3º e 3ª 50€	

Trofeos para 3 primeiros e primeiras clasificadas de cada categoría e clubs.

4.- Clasificación para os Campionatos Galegos de Dúatlon e Tríatlon de Estrada.

Para clasificarse para os Cptos. Galegos será necesario gañar a praza nalgunha das probas do circuítos do seguinte xeito:

4.1) Clasificación para o Campionato Galego Masculino.-

a) número de deportistas que se clasifican para cada final comunicárase previamente, sendo de forma xeral como segue:

5 probas de circuítos-18 / 4 probas de circuítos- 22 / 3 probas de circuítos – 30. 2 probas 45 deportistas.

- a) Aqueles deportistas xa clasificados non quitarán postos, é dicir, en cada proba clasifican novos deportistas.
- b) Os/as deportistas que participen con invitación nas probas de circuítos (Art. 6.4 c)) non quitarán posto.
- c) De haber dúas carreiras masculinas, só se clasificarán para o Campionato Galego os participantes na carreira 2ª Rápida” .

4.2) Clasificación para o Campionato Galego Feminino.- É imprescindible rematar, como mínimo, unha proba de circuítos no tempo de corte establecido

4.2.1) Recoñécense unha serie de dereitos ás deportistas en “situación de embarazo e lactación” a efectos de promover a súa reincorporación e continuidade no deporte despois de ser nais. Considerase que unha deportista se atopa en “situación de embarazo e lactación” dende a acreditación médica do mesmo ata que transcorran tres meses da finalización do embarazo.

Recoñécense os seguintes dereitos a deportistas na situación anterior

- a) Deportistas que tivesen a praza para participar no campionato galego e non participen na mesma por atoparse na situación anterior conservarán a praza para a seguinte edición da mesma proba, unha vez concluída a “situación de embarazo e lactación”.
- b) Nos supostos anteriores o número de participantes será incrementado se fose necesario para facilitar, en todo caso, a participación de deportistas que se reincorporen á actividade deportiva de competición tras un período de embarazo e lactación.

5.- Invitacións para o Cpto Galego

As invitacións non alterarán a participación dos equipos. É dicir, se o club non tivera tres clasificados ou clasificadas, previamente á final, non lle puntuará ningún invitado ou invitada. No caso de ter previamente 3 clasificados puntuarían coma un ou unha máis.

5.1) As invitacións só serán para deportistas con licenza galega pertencentes a Clubs que tivesen participación na tempada anterior.

5.2) Distribución: As invitacións concederanse a mulleres e homes en función da clasificación da proba de Campionato Galego da tempada anterior feminino e masculino respectivamente.

- a) Os tres primeiros clubs masculinos disporán de 3 invitacións masculinas e os tres primeiros femininos de 3 femininas.
- b) Do 4º ao 6º clasificados disporán de 2msc e/ou 2 femininas segundo a súa clasificación masculina e/ou feminina
- c) O resto dos clasificados na tempada anterior disporán de 1 e 1

As invitacións dos artigos anteriores (5.2 a,b,c) deberán ser comunicadas por escrito á FEGATRI ao remate dos circuítos, previo á inscrición na proba de Cpto Galego.

d) A Dirección Técnica da FEGATRI disporá de 3 invitacións masculinas e 3 femininas, para causas excepcionais, que poderá dar ou non, avaliadas as solicitudes presentadas.

- Será requisito imprescindible para optar a estas invitacións ter participado, nos últimos dous anos, nunha proba ITU.

A solicitude do artigo 5.2d) deberá ser motivada e presentada por escrito ao remate dos circuítos no prazo establecido.

6.- Circuítos Galegos de Dúatlon e Tríatlon de Estrada. Clasificatorios para o Campionato Galego

6.1) Os circuítos Galegos de Dúatlon e Tríatlon de Estrada constarán de entre 2 e 5 probas. Podendo este número aumentarse por condicións excepcionais a criterio da Comisión Delegada

6.2) Para participar nas probas dos Circuítos de Dúatlon e Tríatlon é necesario estar en posesión da licenza federativa da tempada vixente e ter aboada a licenza de dereitos de inscrición en circuítos.

Os xuíces pedirán antes do inicio da proba a licenza(e/ou en caso necesario o DNI) a cada participante previamente á entrada na "área de transición".

6.3) Dereitos de Inscrición nos circuítos de Dúatlon e Tríatlon de Estrada:

- A inscrición para participar nunha ou en todas as probas de circuítos, será de 300€ para clubs e de 100€ para independentes. Estes dereitos aboaranse á federación coa tramitación das licenzas de Club ou independente.

6.4) Inscrición en cada proba de circuítos:

a) As probas de circuítos poderán custar a cada participante entre 0€ e 30€ , segundo o decida cada organizador, que recibirá a cota de inscrición íntegra.

b) Para facilitar a participación esporádica de deportistas doutras comunidades crease un sistema de invitacións. Neste caso nunca se concederá para o total de probas que puntúan nun circuítos e no caso de límites de prazas terán preferencia sempre os federados galegos

6.5) As probas destes circuítos serán clasificatorias para o Campionato Galego da modalidade.

- a) Nas probas de circuítos recoméndase como mínimo unha saída feminina e outra masculina, sempre coa separación mínima de tempos regulamentaria.

Excepcionalmente poderá autorizarse unha única proba con dúas saídas diferenciadas de acordo a regulamento. A proba clasificatoria terá sempre un tempo límite para clasificarse para o campionato galego.

b) Segundo as necesidades técnicas do circuíto, previsións de inscricións e o tipo de saídas autorizadas, a proba masculina poderá disputarse en dúas carreiras (1ª e 2ª), desenvolvéndose neste caso como se indica a continuación:

I) A 2ª Carreira masculina “Rápida-Con corte” terá sempre tempo límite para a súa realización. Isto faise co fin de que non haxa dúas carreiras lentas. Estará aberta a todo deportista que o considere pero tendo en conta que deberá de entrar no tempo límite marcado previamente. Este tempo de corte estará publicado polo delegado técnico co regulamento da proba. Eliminaranse aos corredores no sector ciclista se superan este tempo

II) No caso de dúas carreiras masculinas, a Carreira Feminina deberá a ser posible coincidir coa carreira 2ª ”rápida- con corte”. No caso dunha única carreira masculina, promoverase a celebración dunha proba feminina separada salvo autorización expresa. O/a Delegado/a Técnico/a en función do número de inscritas e necesidades do circuíto poderá autorizar igualmente unha coincidencia con saídas separadas que garanta a disputa limpa da proba feminina.

III) Recoméndase a celebración dunha proba supersprint, cunha saída específica para cadetes, xuvenís e junior de cara a promover a participación destas categorías.

6.6) Clasificacións en cada proba.

a) Clasificación Individual masculina e feminina para categoría Absoluta (xeral) e para as categorías Xuvenil, Junior, Sub-23 e Veteranos I, II e III.

b) A clasificación masculina será única. No caso de dúas carreiras colocaranse, primeiro os deportistas da carreira (2ª) “rápida-con corte” e a continuación, por orde, os participantes segundo a clasificación da proba (1ª) “Sen corte”. Só se clasificarán para o Cpto. Galego destas modalidades, os participantes da carreira 2ª “rápida- Con corte”.

c) Clasificación por clubs, masculina e feminina. Para puntuar como club é necesario ter ficha por ese club. Realízase sobre a clasificación final individual. *(Segundo a normativa de licenzas non se pode cambiar de club durante a tempada)*

I) En cada proba de circuíto sumaranse os tempos dos tres mellores deportistas de cada club na clasificación masculina, e das tres na feminina. Vencerá o club menos tempo sume. No caso da masculina terase en conta a clasificación absoluta final coas dúas probas (2ª e 1ª)

II) En caso de empate a tempos, vencerá o club que clasificara primeiro ao seu mellor deportista.

6.7) Clasificación xeral dos circuítos.-

Para puntuar nos circuítos non é necesario rematar un número mínimo de probas. A Comisión Delegada en caso de suspenderse algunha proba das previstas inicialmente, tomará as decisións oportunas conforme ao artigo seguinte.

a) Clasificacións **individuais** do circuíto:

I) O número de postos a ter en conta vira determinado polo número de probas que finalmente conformen o circuíto.

Táboa A

Nº PROBAS	MELLORES POSTOS
Menos de 3	<u>1</u>
<u>3</u>	<u>2</u>
<u>4</u>	<u>2</u>
<u>5</u>	<u>3</u>
Máis de 5 probas	<u>4</u>

II) Si se suspendese unha proba do circuío, a Xunta Directiva intentará substituíla por unha nova, na mesma data, de contar co tempo necesario.

III) Sumaranse os mellores postos de cada deportista segundo a táboa A e vencerá quen menos puntos sume. En cada proba na que non se participe ou non se remate consideraranse 300pts.

Táboa B:

DEPORTISTA CLUB	Proba 1	Proba 2	Proba 3	Proba 4	Proba 5	*Puntos
A	1º	2º	1º	3º	3º	4pt
B	2º	3º		4º		9pt
C	1º	*(300p)		3º		304pt
D	1º	*(300p)	*(300p)			601pt
Exemplo para circuío composto por 5 probas						

IV) En caso de empate, vencerá o que máis primeiros postos acade.

V) De seguir o empate vencerá o que mellor posto acade na última proba.

b) Clasificacións de **clubs** do circuío:

I) Na clasificación final de Circuío, sumaranse os “N” mellores postos da clasificación de clubs, de acordo á táboa anterior

II) En caso de empate seguiranse os mesmos criterios da clasificación individual.

6.8) Trofeos e premios:

a) En cada proba de circuío entregaranse como mínimo tres trofeos ou medallas a cada categoría masculina e feminina: Absoluta, xuvenil, Junior, sub23 e Veterano I, II, III así coma aos tres primeiros clubs masculino e feminino da clasificación xeral.

En cada categoría deberá haber polo menos cinco participantes para que sexa obrigatorio dar premios.

b) Premios económicos- En todas as probas de circuío daranse como mínimo os seguintes:

Individuais

1º e 1ª 150€

2º e 2ª 100€

3º e 3ª 50€

Clubs

200€ ao 1º masculino e 1º Feminino

c) Entregaranse trofeos ás 3 primeiras persoas clasificadas do circuíto en cada categoría. Determinarase onde.

d) Ningún deportista cunha sanción aplicada, polo Comité de Disciplina da FEGATRI, na tempada vixente, terá acceso a ningún tipo de premio.

7) Outros Campionatos Galegos, Circuítos e probas autorizadas pola FEGATRI

En tódolos campionatos Galegos se fará clasificación individual e de Equipos.

7.1) **Campionatos Galegos Individuais.**- permítese participar a deportistas con licenza temporal autonómica de un día. En ningún caso optarán ao título do Campionato Galego pero si poden acceder ao premio de cada proba. A Clasificación masculina e feminina, farase para as categorías Absoluta, Junior, Sub23 e Veterana 1, 2 e 3 masculina e feminina, salvo os regulados de xeito expreso con outras categorías.

7.2) **Campionato Galego Individual de Ácuatlon.**- A clasificación farase para as categorías Absoluta, Junior, sub23 e Veterana 1, 2 e 3 masculina e feminina. Permítese participar a deportistas con licenza temporal autonómica de un día. En ningún caso optarán ao título do Campionato Galego.

7.3) **Triatlón Cros.**-farase a clasificación para categoría Junior, Sub23, Absoluta e Veterán 1, 2 e 3 masculina e feminina. Permítese participar a deportistas con licenza temporal autonómica de un día. En ningún caso optarán ao título do Campionato Galego. Ao igual que no dúatlon cros promoverase a subvención de oficiais de cara á organización de campionato galego

7.4) **Dúatlon Cros** - Anexo Normativa Específica Campionato Galego e Circuíto

7.5) Promoción probas contrareloxo por equipos

Para favorecer a promoción e participación feminina en probas de contrareloxo por equipos, as entidades organizadoras, se así o desexan, poderán incluír unha competición popular de equipos mixtos

- Os equipos estarán compostos por un máximo de 6 e un mínimo de 4 deportistas de calquera xénero. Debendo contar ao menos 2 mulleres.
- Os/as compoñentes poderán pertencer ao mesmo ou a diferentes clubs
- A puntuación do equipo, nesta clasificación mixta, virá dada polo cuarto/a compoñente. Sendo obrigatorio para non ser eliminado que en todo momento entre os 4 compoñentes do equipo permanezan 2 deportistas femininas e 2 deportistas masculinos.
- O resto de normas da competición serán as da contrareloxo por equipos recollidas no regulamento oficial de competición.

7.5) **Triatlón, Dúatlon e aquabike de Longa e Media Distancia.**- só se fará a clasificación para as categorías Absoluta e por Grupos de Idade masculina e feminina. Permítese participar a deportistas con licenza temporal autonómica de un día. En ningún caso optarán ao título do Campionato Galego

7.6) **Circuíto “No Draft”**- Anexo Normativa Específica

7.7) **Circuíto “Nada e Corre”** Anexo Normativa Específica

7.8) **Circuíto “Triatlón de Categorías Menores”** Anexo Normativa Específica

7.9) **Remuda Mixta de Triatlón de Menores** - A organización dunha proba de remudas mixtas será obrigatoria no Campionato Galego e recomendable no resto de probas de circuíto de menores.

- A remuda estará composta por 4 deportistas: 1 deportista masculino alevín, 1 deportista feminina alevín, 1 deportista masculino Infantil e 1 deportista feminina infantil.

Cada deportista realizará un tritalón sobre as seguintes distancias.- 100 m Natación-2 Km Ciclismo-500 m carreira a pé. O resto de normas a aplicar serán as recollidas no regulamento oficial de competicións para esta modalidade.

7.10) Remuda Mixta de Dúatlón de Menores .- A organización dunha proba de remudas mixtas será obrigatoria no Campionato Galego e recomendable no resto de probas de menores.

- A remuda estará composta por 4 deportistas: 1 deportista masculino alevín, 1 deportista feminina alevín, 1 deportista masculino Infantil e 1 deportista feminina infantil.

Cada deportista realizará un tritalón sobre as seguintes distancias.- 400 m Carreira a pé-2 Km Ciclismo-200 m Carreira a pé. O resto de normas a aplicar serán as recollidas no regulamento oficial de competicións para esta modalidade.

7.11) Remuda Mixta de Acuatlón de Menores .- A organización dunha proba de remudas mixtas será obrigatoria no Campionato Galego e recomendable no resto de probas de circuíto de menores.

- A remuda estará composta por 4 deportistas: 1 deportista masculino alevín, 1 deportista feminina alevín, 1 deportista masculino Infantil e 1 deportista feminina infantil.

Cada deportista realizará un tritalón sobre as seguintes distancias.- 50 m Natación-500 m Carreira a pé. O resto de normas a aplicar serán as recollidas no regulamento oficial de competicións para esta modalidade.

7.12) “ Dúatlon de Categorías Menores”

- No campionato galego de dúatlon de Menores poderá engadirse a categoría prebenxamín.

- Nas categorías Prebenxamín, Benxamín e alevín estarán permitidos os mini freos engadidos ao guiador

- En Dúatlon de Menores con cronometraxe manual, só da meta, permitirase o uso dun único dorsal collido polas catro esquinas (con calquera medio de suxeición que o garanta) colocado visible ao fronte dos deportistas.

En canto ao drafting estarase ao indicado polas normativas vixentes en cada momento, en todo caso en saídas conxuntas masculina e feminina a norma vixente non fará diferenza entre xéneros.

- Saídas separadas por categoría e xénero en caso necesario. A criterio regulamentario e valoración do DT co comité galego de xuíces

7.13) Cpto Galego Supersprint de Dúatlon e Triatlón Cadete, Xuvenil e Junior

Haberá clasificación masculina e feminina para as tres categorías. Realizaranse saídas separadas por xénero. Haberá clasificación xeral de clubs segundo o regulado para o circuíto súper sprint.

7.14) Outras Probas Avaladas pola FEGATRI. – Para as probas autorizadas pola Federación, que non sexan de Circuíto ou Campionato Galego, seguiranse os mesmos criterios que para as de circuíto en materia de seguridade e niveis básicos, excepto o custe da inscrición que será libre.

8) Normas xerais das probas:

8.1) Información da proba.- Cada organizador ten a obriga de informar a tódolos clubs, como mínimo, con quince días de antelación das normas da súa proba (horarios, lugar, custe, inscricións, etc). No caso de suspenderse a proba, ten a obriga de informar con ao menos un mes de antelación de cara a posibilitar que a Xunta Directiva busque unha alternativa. Enviando anticipadamente, ao menos unha semana antes da apertura de inscrición, o regulamento á FEGATRI para a súa supervisión e publicación na web.

8.2) Supervisión previa . - Cada proba pasará o visto bo dun Delegado Técnico, xuíz/a do Colexio de Xuíces e Oficiais da FEGATRI, que pode chegar a suspender unha proba se esta non reúne as condicións de seguridade ou de nivel deportivo suficientes. O 1º informe débese facer con suficiente antelación á proba, para que, en caso necesario, se arranxen as deficiencias observadas. Os custes da supervisión serán asumidos polo organizador segundo as tarifas vixentes aprobadas.

8.3 Inscricións.-

8.3.a) Os xuvenís e menores non pagarán inscrición naquelas probas que sexan específicas de menores (Exemplo.- Circuito Súper Sprint cadete, xuvenil e Junior). Si aboarán inscricións, coma calquera deportista doutra categoría no resto de probas onde participen coma absolutos. Nas probas nas que non aboan inscrición, en caso de que se inscriban e non acudan serán penalizados a través do seu club co abono de 5 euros por non presentado. Esta penalización será reembolsada pola FEGATRI ao organizador e facturada aos clubs.

- As inscricións nas probas avaladas pola federación, inferiores á media deberán realizarse a través da plataforma de inscricións federativa, coa salvedade de probas organizadas directamente por Organismos e Entidades Públicas, onde se permitirá que as realicen a través das súas plataformas privadas. Neste caso deberá enviarse co formato excell nas seguintes columnas DNI/ nome/ apelidos/ data de nacemento/ club/categoría que se deberán utilizar igualmente no reporte do arquivo de clasificacións

-O prazo de inscrición rematará por norma xeral o martes previo á proba, ás 23:59 h. No caso de que se remate antes desta data o organizador deberá reflectilo expresamente no regulamento.

-Nas competicións por remudas e equipos poderán engadirse 2 reservas á inscrición e cada equipo. Inscrición que se pechará igualmente o martes previo á proba. Os cambios nos equipos, entre deportistas xa inscritos, tanto titulares coma suplentes poderán facerse ata o xoves ás 16:00h

8.4 Xuíces e persoas colaboradoras.-

a) En cada proba haberá como mínimo, un Delegado técnico, un xuíz árbitro e sete oficiais e catro colaboradores adxuntos. Se pasa de cen participantes, haberá como mínimo oito oficiais. O número definitivo de oficiais virá determinado polo Delegado Técnico acorde ás necesidades e características da proba e dos seus circuitos.

b) Os custes do colexio de xuíces, canon e actuacións serán facturados ao organizador segundo as tarifas vixentes aprobadas para a tempada.

c) Nas probas de Tríatlon de Estrada incluídas en circuito, ao igual que no dúatlon cros, a FEGATRI subvencionará o 50% do importe do custe total de oficiais.

d) Será a Federación a encargada de ingresar os importes ao oficiais pola súa actuación a principios do mes seguinte por transferencia bancaria, podendo agrupar as arbitaxes acumuladas de cada mes.

e) No caso de dar tres ou máis voltas a un circuito, o organizador terá que poñer como mínimo dúas persoas "conta-voltas" ao servizo dos xuíces. A organización será responsable de asegurar que os deportistas cubran, nos puntos afastados do circuito, correctamente o mesmo.

f) Haberá un local achegado, cuberto e habilitado para reunirse os xuíces e o Xurado de Competición da proba, por se fora necesario, cunha mesa, unha silla e toma de corrente.

8.5 Clasificacións.-

a) As clasificacións de cada proba estarán confeccionadas no prazo máis breve posible. A clasificación definitiva cos tempos dos participantes, deberá ser accesible para os clubs en canto estea confeccionada. Para posteriores reclamacións seguirase o marcado nos regulamentos da Federación Española. Publicaranse antes de 24 horas na web da FEGATRI.

b) Para confeccionar as clasificacións individuais finais dos clasificatorios e campionatos galegos non se terán en conta os deportistas e/ou clubs con ficha doutra CC.AA. Si se terán como postos válidos ós deportistas independentes con licenza galega e ós de outras CCAA que posúan licenza por un club galego.

c) As clasificacións deberán ser confeccionadas polo organizador e enviadas á FEGATRI para a súa publicación, seguindo o estándar ORIS acorde ao Regulamento Oficial de Competicións. Unha clasificación provisional deberá ser mecanizada para a súa publicación na proba, de cara ao cumprimento dos procedementos de reclamación. Así mesmo enviarase unha clasificación en Excell á FEGATRI na que se incluírá o DNI dos participantes para o seu tratamento.

8.6 Entregas de Premios.-Os/as deportistas e/ou clubs que non estean na entrega de premios (salvo causa de forza maior) non os recibirán, e serán sancionados por desconsideración ao organizador e ao resto dos deportistas (segundo os estatutos en vigor). Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar ata o seu abono. Este artigo será incorporado ó regulamento de cada proba de adultos. Será labor do DT de cada proba recoller os datos dos infractores.

8.7 Folla de valoración de probas.- A FEGATRI disporá dunha folla de valoración de probas, tódolos clubs poderán puntuar ao final da competición o nivel da proba. Esta folla utilizarase á hora de adxudicar novas organizacións de probas e para mellorar a tempada seguinte. En dita puntuación terase en conta a seguridade da proba, os servizos para o deportista (vestiarios, información xeral, premios etc.). A puntuación irá de 0 a 10 puntos, se máis da metade de clubs participantes suspenden a un organizador non entrará a súa proba no Circuito do ano seguinte (a maiores deberá superar as probas que o Comité Técnico considere necesarias). As puntuacións para ser válidas deben ir asinadas polo delegado de cada club.

8.8 Outras normas

a) En Dúatlon, con cronometraxe manual, levaranse dous dorsais collidos polas catro esquinas cada un (no peito e nas costas) e non poderán dobrarse. Non cumprir esta norma levará consigo a descualificación. Os dorsais deberán ser dun material que non se estrague coa auga. Con cronometraxe electrónica poderase levar igual que en Tríatlon (con goma ou porta dorsal acorde).

b) O Chip.- será obrigatorio levalo, atendendo ás normas de cada competición, e comunicar o seu extravío. De non ser así procederase á correspondente sanción.

c) Nas probas sen o visto bo da FEGATRI, non terá vixencia a “licenza-seguro deportivo” da Federación. Os clubs non promoverán este tipo de probas.

9) Procedemento de Reclamación Apelación probas da FEGATRI

Ligazón Regulamento Reclamación Apelación probas da FEGATRI :

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2022/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

ANEXO.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN

1.- 1.- Para a organización de calquera proba oficial da FEGATRI será condición indispensable posuír licenza como “organizador” xa no momento da solicitude da proba, coa salvedade de probas organizadas directamente por Organismos e Entidades Públicas que por necesidades da súa lexislación interna non poidan formalizar a mesma e sexan tuteladas pola federación.

2.- Para organizar unha proba de circuito hai que facer unha petición á Federación aténdose aos datos e prazos sinalados pola Xunta Directiva da Fegatri

Os calendarios confeccionaranse tratando de respectar ao máximo posible as datas das probas de carácter estatal e tamén os intereses das seleccións galegas das diferentes modalidades. Concederase a organización de probas segundo a puntuación obtida no seguinte baremo:

Para a celebración dos campionatos de menores establécense as seguintes datas recomendadas:

o Campionato Galego de Dúatlon de Menores	ata o 15 maio
o Campionato Galego de Acuátlon de Menores	ata o 15 xuño
o Campionato Galego de Tríatlon de Menores	ata o 15 xullo

As probas de menores celebradas entre o 1 de agosto e o 15 de setembro non entrarán no circuitos federativo nin recibirán subvención económica da FEGATRI.

2.1. Criterios de obrigado cumprimento

- Os circuítos han de estar totalmente pechados ao tráfico, tanto marítimo como terrestre. Publicación dos mesmos, incluíndo gráfico detallado das transicións e da saída e meta.
- Contar con sistema de cronometraxe.
- Dispoñer de duchas e vestiarios nas proximidades da proba.
- Dispoñer de un sistema de megafonía e locución.
- Contar con plan de seguridades e evacuación
- Dispoñer de avituallamento líquido en distancia olímpica ou inferior e avituallamento líquido e sólido en media distancia ou superior durante a proba. Avituallamento líquido e sólido na postmeta para todas as distancias.

2.2. Criterios puntuables

- Historial da proba:

> 10 anos	4 puntos
7 < anos ≤ 10	3 puntos
4 < anos ≤ 7	2 puntos
2 < anos ≤ 4	1 punto

- Coste inscrición

Gratuíta	5 puntos
≤ 6 euros	3 puntos
≤ 10 euros	2 puntos
≤ 15 euros	1 punto

- Premios en metálico

≥ 3500 euros	5 puntos
2500 < euros ≤ 3500	4 puntos
1500 < euros ≤ 2500	3 puntos
1000 < euros ≤ 1500	2 puntos
600 < euros ≤ 1000	1 punto

- Valoración das edicións pasadas por parte dos participantes

Nota = 10	5 puntos
9 ≤ nota < 10	3 puntos
8 ≤ nota < 9	2 puntos
7 ≤ nota < 8	1 punto

- Valoración das edicións pasadas por parte do equipo arbitral

Nota = 10	5 puntos
$9 \leq \text{nota} < 10$	3 puntos
$8 \leq \text{nota} < 9$	2 puntos
$7 \leq \text{nota} < 8$	1 punto

- Saídas engadidas á proba principal

Saída popular	+ 1 punto
Saída nada e corre / proba escola	+ 2 puntos
Saída paratriatlon	+ 2 puntos
Carreiras por sexo totalmente separadas *	+ 3 puntos

* Únicamente optarase a estes puntos cando a sumade puntos neste espígrafe sexa igual o superior a 3 puntos.

- Sistema de cronometraxe

Tempos diferenciados nos 5 segmentos (incluíndo transicións)	+ 1 punto
Tempos por paso de volta na natación*	+ 1 punto
Tempos por paso de volta no ciclismo*	+ 1 punto
Tempos por paso de volta na carreira*	+ 1 punto
Información en tempo real	+ 3 puntos
Streaming da proba	+ 3 puntos

*Sempre e cando o número de voltas do segmento sexa 2 ou máis.

3.- Todas as probas de Circuito terán obrigatoriamente un seguro específico de responsabilidade civil e ademais todos os participantes estarán cubertos por un seguro de accidentes a través da licenza deportiva (anual ou de un día–esta será tramitada a través da FEGATRI) e cumpriran cos demais requisitos legais.

4.- Calquera outra proba que queira levar o visto bo da Federación, terá:

1º. Que ser visado o seu circuito por un Oficial Nivel II ou superior e/ou autorizado pola Federación.

2º. Ter un seguro específico para a proba (Responsabilidade Civil).

3º. Pagar un canon de 100 € á Federación.

4º. Estar cubertos por un seguro de accidentes a través da licenza anual ou no seu defecto pola licenza de un día (esta será tramitada a través da FEGATRI).

5.- Probas Escolares

As probas escolares serán todas con circuito pechado, terán que ser os mesmos revisados por xuíces da Federación. En cada proba haberá como mínimo tres xuíces por proba.

Nas fases provinciais e galegas haberá como mínimo un total de cinco xuíces.

O número de xuíces/Oficiais será determinado polo Delegado Técnico acorde ás necesidades da proba e circuitos

6.- Probas non Autorizadas.-

A FEGATRI non obrigará nin esixirá aos xuíces e xuízas con licenza acudir a ningunha proba que non sexa Campionato Galego ou proba de circuío, sen embargo, poderase sancionar aos xuíces que exerzan como tal, en probas non autorizadas ou recoñecidas pola Federación. Isto será de aplicación para os organizadores con licenza federativa.

7.- Péntatlon Moderno.-

A Federación promoverá a organización dun Campionato Galego de Péntatlon Moderno para categorías menores (benxamín, alevín ,infantil, cadete e xuvenil) incluírá as probas de tiro, natación e carreira a pé. Tamén organizará un campionato Galego de Biatlon para tódalas categorías.

9.- Campionatos de Paratriatlon das distintas modalidades .

Seguiranse as recomendacións e regulamentos da Federación Española de Triatlon, en todo o relativo á organización de probas e participación de paratriatletas clasificados, tendo en conta os acordos da Asemblea Xeral da Federación Galega de Triatlon e Péntatlon Moderno de data 25/04/2017

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/05/Acta-assembly-Xeral-25-04-2017.pdf>

Recomendacións FETRI <http://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/12/2018.Competiciones.Competiciones-de-ParaTriatlon-en-Competiciones-Auton%C3%B3micas.pdf>

10.- Canons Federativos

a) Probas populares avaladas pola FEGATRI 100€

b) Para as probas de Media e Longa Distancia o canon a aboar á Federación irá en función do número de participantes na proba segundo a táboa seguinte:

Nº PARTICIPANTES	CANON(€)
ATA 100	100,0 0€
DE 101 A 250	150,0 0€
DE 251 A 500	400,0 0€
DE 501 EN DIANTE	600,0 0€

c) Polos Campionatos Galegos de Dúatlon e Triatlon de Estrada individuais aboarase un canon á Federación de 250,00€

d) Polo resto de campionatos oficiais aboarase un canon á Federación de 140,00€,

e) Canons de probas nacionais e internacionais.-

- Noutras probas de carácter estatal organizadas por calquera club que libremente o solicite e que no convenio que asine sexa necesario a participación da FEGATRI para figurar no convenio coa Institución Pública que patrocine, o canon será de 500,00€ (neste caso só figurará a FEGATRI si é estritamente necesario).

- Si os campionatos son dous en días consecutivos, o canon será de 600,00€.

11.- Probas Oficiais da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno (FEGATRI)

As probas oficiais organizadas pola Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno son todos os Campionatos das modalidades de Tríatlon e Péntatlon Moderno a celebrar en Galicia que figuren no seu calendario oficial aprobado en Asemblea Xeral.

Para todas estas probas a Federación abrirá un prazo de organización das mesmas, que se regulará e convocará anualmente, a todos os organizadores con licenza en vigor na FEGATRI.

Tódalas dúbidas que presente este regulamento ao longo da tempada serán resoltas pola Comisión Delegada, quen podería convocar, de así consideralo, unha Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación. Para casos de extrema urxencia, decidirá a Xunta Directiva.

**Para todo aquilo no recollido neste regulamento aplicarase o Regulamento Oficial de Competicións da FETRI.*